



camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## Programación Camiño Escena Norte en Galicia

**13.09, 19h | Santiago de Compostela (Praza da Quintana\*)**

**Check Out, de Adrián Conde Espectáculos (AST)**

Teatro. Público infantil e familiar

Entrada libre ata completar capacidade

\* En caso de choiva, a función terá lugar no Salón Teatro.

*Unha comedia visual inspirada no cine mudo. Premio Fetén 2024 a Mellor Intérprete e Premio Oh! das artes escénicas de Asturias ao Mellor Espectáculo para a Infancia.*

A vida de Eugenio transcorre no vestíbulo dun hotel, entre maletas soña con deixarlle aos fillos un futuro mellor. Un mozo de servizo diferente que, entre equívocos, xogo de clown e moita diversión, descobre ao longo dunha xornada imprevista de traballo que non hai mellor futuro que vivir gozando do presente. Unha historia que convida a reflexionar sobre a importancia da familia e sobre a que lle dedicamos o tempo.

*Adrián Conde Espectáculos leva máis de 20 anos de traxectoria fusionando a maxia e o clown, conseguindo espectáculos cun selo propio. En 2021 a compañía dá un xiro radical á súa esencia e pasa a crear espectáculos novos co obxectivo principal de deixar unha mensaxe de reflexión ao público, onde se tratan temas tan importantes como a xestión das emocións, a resiliencia, a perda e a familia. Os seus espectáculos representáronse en máis de 25 países, ademais de seren galardoados en varias ocasións tanto a nivel nacional como internacional.*

**15.09, 21h | Foz (Praza Conde de Fontao\*)**

**By ò Bu. Aproximación al no existir, de Yarleku e El Punto Gunea (NAV)**

Novo circo. Público adolescente e adulto

Entrada libre ata completar capacidade

\* En caso de choiva, a función terá lugar na Sala Bahía

Un espectáculo como unha boa escusa para falar de algo tan real como é o necesitar, nalgún momento dunha vida, durmir para sempre. *By ò bu. Aproximación al no existir* é un espectáculo que, a través do movemento, o trapecio e a palabra, expón a conversa entre as dúas partes dun mesmo ser. Este diálogo enmárcase nun espazo que ben podería ser a súa propia cabeza, chea de equilibrios e portas ás súas reflexións. Unha conversa sobre a súa existencia e a opción de deixar de existir.

*Yarleku Teatro xorde en 2003 co afán de crear espectáculos de carácter socio-educativo, nos que xuntar a visión plástica do teatro e a transmisión de valores. Pretende mostrar ao público historias coas que se sinta involucrado ou identificado mentres presencia unha obra na que se tratan temas da vida cotiá de xeito educativo.*

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

### 21.09, 21h | Outes (Auditorio Casa da Cultura)

#### **La casa de los dedos, de Ruth Garreta - El Conejo Salvaje (CANT)**

Novo circo. Público adulto

Prezo 6€. Entradas en [www.bandoticket.com](http://www.bandoticket.com)

Unha historia de dificultade, rendición e esperanza. A barraca de feira *La casa de los dedos* viaxa de xeito itinerante por todas as vilas medianas e pequenas da xeografía española. Alí a onde chegan traen e mostran o mundo sorprendente e extraordinario do oculto, do alén, das criaturas fantasmagóricas e inexplicables que viven entre nós, pero pertencen ao mundo dos mortos.

*'La casa de los dedos' é a primeira creación de El Conejo Salvaje, unha aposta para esmendrellarse, que congrega sobre un escenario peculiar a tres creadores escénicos excéntricos e multidisciplinares co selo inconfundible da comedia xestual, chea de estupidez e provocación de Aitor Basauri, cofundador da compañía Spymonkey. A compañía aposta por unha creación interdisciplinar que xunta as técnicas de clown, circo, comedia física e teatro cómico-xestual, dando lugar a un espectáculo ecléctico que nos transporta á atmosfera onírica do circo.*

### 27.09, 20.30h | Vilalba (Auditorio Municipal Carmen Estévez)

#### **29.09, 19h | Melide (Auditorio Municipal)**

#### **Anónimo. La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades, de Hilo Producciones (CANT).**

Teatro. Público adolescente e adulto

Vilalba: retirada de convites en [www.entradasvilalba.es](http://www.entradasvilalba.es)

Melide: entrada libre ata completar capacidade. Encontro co público ao remate da función

Poucas novelas retratan a situación social e política que as rodea de maneira tan lúcida, mordaz e intelixente como o fai o 'Lazarillo de Tormes': Lázaro emprende unha viaxe, tanto física como iniciática, por unha España gloriosa, espléndida, magnífica, doente, medorenta e corrupta. Mais a pesar da aparente desolación que poida parecer que comporta, o Lazarillo é unha comedia áxil, fresca e hilarante, unha comedia canalla e que non concede respiro, e que, cando apousenta, dá paso á reflexión e ao pensamento crítico

*Hilo Producciones nace en Santander en 2008, da man de Begoña García, despois de máis de 20 anos de experiencia en distintas compañías nacionais. Nesta aventura acompaña a Sandro Cordero, responsable da parte artística, como autor, director e actor das montaxes máis emblemáticas. Desde os inicios apostaron polas revisións dos textos teatrais clásicos, que permiten achegar os grandes autores ao público actual.*

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**28.09, 18.30h | Sobrado dos Monxes (Mosteiro de Santa María)**

**La osa estelar, de Panta Rhei (EUS)**

Teatro. Público infantil e familiar

Entrada libre ata completar capacidade

A osiña Irdin está soa e abandonada no camiño da vida. Foxe da melancolía explorando o seu carácter e valor na procura dun "lugar no mundo", unha familia e un fogar onde vivir feliz. Unicamente a férrea determinación de Irdin a osiña de ir cara á vida, cara ao amor, de ir cara a si mesma, lle ha mostrar o camiño cara ao corazón da montaña onde habitan todos os seus soños.

*Panta Rhei é unha compañía de creación e investigación escénica fundada en 1987 por Idoia Ayestaran e Emilio de Pinedo. A súa identidade artística é a investigación do obxecto, o monicreque e a súa relación co actor/actriz. Tamén traballa desde 2016 a relación escena-público na natureza e innovando a escena rural co programa de dinamización Bideart, ademais da dirección e produción da Festa das Artes no Medio Rural Festikale.*

**06.10, 20h | Carballo (Pazo da Cultura, 33º FIOT\*)**

**Olvido Flores, de Estefanía de Paz Asín (NAV)**

Teatro. Público adulto

Venda de entradas en [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal). Encontro co público ao remate da función

\* Función enmarcada no Camiño Expandido - Vieiros: colaboración co FIOT de Carballo.

Unha troupe de máis de 50 artistas facía xira polo norte de España e apagaron as luces bailando coa morte. Achéganos os testemuños das persoas que viviron os acontecementos sucedidos en Lodosa en xullo de 1936. E gardaron o recordo. Olvido quere dar voz aos sen nome, a esas persoas esquecidas ás que ninguén lles levou flores tras a súa morte. Estefanía de Paz Asín rescatou información e relatos vivos para saber que pasou aquela noite escura e quere iluminar a súa historia, a nosa historia.

*Artista multidisciplinar, profesional das artes escénicas, Estefanía de Paz Asín traballou para outras compañías, institucións e colectivos, combinando a condición de creadora coas habilidades como cantante, bailarina e actriz. É unha muller con formación en circo, teatro, danza e voz. Os seus últimos recoñecementos foron o premio Fetén á Mellor Interpretación co espectáculo 'La Reina del Arga' en 2022.*

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**12.10, 20.30h | Vimianzo (Auditorio Municipal)**

**17.10, 20.30h | Lugo (Auditorio Municipal Gustavo Freire)**

***El nadador de aguas abiertas*, de K. Producciones e Tanttaka Teatroa (EUS)**

Teatro. Público adulto

Vimianzo: Venda de entradas en [www.woutick.es](http://www.woutick.es) (prezo 5€ / 2,5€ reducido). Encontro co público ao remate da función.

Lugo: Venda de entradas en [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es)

*Espectáculo candidato a 6 Premios Max 2024.*

Son dous... pero non son parella. Aínda que o poida parecer en ocasións.  
Son dous e son homes. Aínda que lles sobra tenrura e ganas de pasalo ben.  
Son dous e vas rir con eles. Se cadra ata os queres adoptar. Pódese falar.  
Son dous e necesítanse. Aínda que non o saiban.  
Son dous en cartel, pero moitos no escenario. Halo entender cando o vexas.  
Son dous e co mar forman un trío. Se es de praia, sabes do que che estou a falar.  
Son dous e despois de os coñecer, valos botar en falta.

*K. Producciones, compañía con sede en Bilbao, nace en 2002 da asociación de Adolfo Fernández, actor e director, e Cristina Elso, produtora, coa intención de levar a cabo proxectos de autores contemporáneos cun marcado contido político e social. Esta aposta decidida pola autoría viuse recompensada con 3 premios Max: En la orilla, Mellor Adaptación 2018; Ejecución hipotecaria, Mellor Autoría Revelación 2015; e Vida y muerte de Pier Paolo Pasolini, Mellor Adaptación 2004.*

**18.10, 18h | Ames (Auditorio Casa da Cultura do Milladoiro)**

***Geometría del Alma*, de Teatro Plus (AST)**

Danza. Todos os públicos

Retirada de convites en <https://abilleiteira.concellodeames.gal>

Fusión entre teatro visual, danza contemporánea e manipulación de obxectos que expresan a relación entre as simples formas xeométricas e o corpo humano, un corpo que intentará dar alma á xeometría para poder comprender a xeometría da alma que está no seu interior. Unha teoría alternativa ao comezo do universo e a evolución das formas e a vida ata chegar ao ser perfecto.

*Teatro Plus é un grupo profesional de teatro, de teatro de marionetas, fundado no ano 1997 en Sofía, Bulgaria. Os seus membros Olga Zeceva e Aleksandar Churchich son licenciados na Academia Nacional de Artes Escénicas e Cinematográficas, Sofía, Bulgaria (1992-1996). Desde o ano 2001 o Teatro Plus está establecido en España, primeiro en Segovia e logo en Xixón, Asturias. En todos estes anos a compañía experimentou con distintos tipos de teatro e técnicas de manipulación.*

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

### **19.10, 18h | Arzúa (Capela da Madanela)**

#### ***El jardín de Olivia*, de Pájaros Pintados Creación Teatral (NAV)**

Teatro. Todos os públicos

Entrada libre ata completar capacidade

É o primeiro día da primavera e Olivia volve ao xardín para velo nacer e para limpar os restos que deixou o inverno. Pero Olivia non está soa, neste xardín florecen os recordos cultivados xeración tras xeración polas mulleres da familia. Unha viaxe a través das ausencias e do paso do tempo, a través da despedida e do reencontro coa mascota da infancia, cos avós, cos pais e coas nosas raíces. Día tras día, ano tras ano e flor tras flor, sempre gardamos a esperanza dunha nova primavera.

*Pájaros Pintados é unha compañía de creación escénica, colaboración e mediación artística que nace en 2022 da man de Victoria Musetti. Busca crear un espazo de colaboración entre profesionais novos e outros de maior traxectoria para se enriquecer de experiencias diversas. Interésalle traballar co público a través de proxectos innovadores e actividades de mediación.*

### **20.10, 17.30h | Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval)**

#### ***Mr. Bo*, de Marie de Jongh (EUS)**

Teatro. Público infantil e familiar

Prezo: 5€ (menores de 0-3 anos, entrada de balde) na billeteira do auditorio desde unha hora antes da función. Ao remate da mesma, encontro da compañía co público

Os tres serventes están afeitos cumprir as ordes de Mr Bo. Levan toda unha vida ao seu servizo, desde que Bo era un neno. Ás veces imaxinan o que podería ser o mundo se eles fosen os amos, o que significa exercer o poder. Cando o señor Bo era neno os serventes tiveron a oportunidade de dicir "Non!", pero non o fixeron. Agora xorde unha nova oportunidade, unha oportunidade para todos.

*Marie de Jongh está especializada no teatro xestual para público familiar e todos os públicos. Con máis de 15 premios nacionais e internacionais, as súas obras son de creación propia, un estilo xenuíno baseado na creatividade de Jokín Oregi, autor e director da compañía. Define o seu traballo como "teatro infantil para adultos e teatro adulto para nenos". Da súa traxectoria destacou o permanente compromiso coa sociedade, que se reflicte nos temas que a compañía afronta nos espectáculos, nos que a calidade estética desemboca nunha gran beleza e emoción.*

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**24.10, 20.30h | Viveiro (Teatro Municipal Pastor Díaz)**

**Ada Byron: La tejedora de números, de La Westia Producciones (AST)**

Teatro. Público adolescente e adulto

Prezo: 5€ (3€ reducida). Reserva de entradas en [rbg.cultura@viveiro.es](mailto:rbg.cultura@viveiro.es) e no 982 560 162 de luns a xoves, en horario de 09 a 14h, e na billeteira do teatro no mesmo día da función desde unha hora antes do inicio

*Premio Jovellanos á Producción Escénica 2024. Seis galardóns nos Premios OH! das Artes Escénicas de Asturias e, entre eles, Mellor Espectáculo.*

Ada Byron, considerada a nai da informática actual, está na cama, moi enferma, e no seu delirio ve o pai morto (o poeta romántico lord Byron) co que repasa a súa propia vida, na que as matemáticas adquiren un gran protagonismo. Nesa revisión vital, na que pai e filla se coñecen, xorden revelacións e reproches que fan cambiar a concepción que Ada ten da súa existencia, e lévana a tomar unha decisión sorprendente. O espectáculo combina teatro e ciencia, para dar a coñecer a vida dunha das mulleres máis relevantes da humanidade e que con todo resulta ser toda unha descoñecida.

*La Westia Producciones naceu no ano 2019 e estreou varios espectáculos para mozos e adultos nos que realiza un minucioso deseño das linguaxes escénicas para atrapar o espectador.*

**Para máis información**

**Prensa CEN Galicia**

Lucía Pita | 675 404 321 - [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

**Press kit** de CEN Galicia 2024

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

